



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ORDES

Oferta de emprego público para o ano 2023

RESOLUCION Nº 1765/2023

ASUNTO: Aprobación de Oferta de Empleo Público ano 2023

EXPEDIENTE: 2023/G003/001790

ANTECEDENTES-FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto de Oferta de emprego público.

A oferta de emprego público, previo análise das necesidades de persoal, debe contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos efectivos de persoal, a súa mellor distribución, formación e promoción profesional.

A configuración concreta da Oferta de Emprego Público levarase a cabo a través da taxa de reposición de efectivos, instrumento co que se concreta a planificación e se lle outorga dimensión en termos de efectivos con respecto do cadro de persoal actual (art. 20.Uno.3 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, OXE 2023).

Vistas as regras para a aplicación da taxa de reposición de efectivos (art. 20.Uno.3 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, OXE 2023).

No ano 2022 deixaron de prestar servizos por xubilación 1 funcionario [Peón Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, Persoal de Oficios (Grupo A.P)]; 1 funcionario [Administrativo, Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa (Grupo C)] foi declarado en situación de excedencia sen reserva do posto de traballo, pola que a taxa de reposición de efectivos é de 2 empregados públicos.

As vacantes ocupadas persoal interino deberán incluírse na Oferta de Emprego Público correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento.

Mediante resolución da Alcaldía nº 826/2023, de data 08/06/2023, nomeouse un funcionario interino (art. 10.1.a R.D. Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, TREBEP) Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, Subgrupo C1, para o desempeño do posto de Xefe de Negociado de Rexistro (Código 03.01.01).

O Departamento de Urbanismo presenta un cadro de persoal deficitario, dos cinco postos de traballo existentes neste departamento, so está cuberto en propiedade un deles. Mediante Orde de data 13/12/2023 da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, outorgouse a aprobación definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal. Polo que é necesario dotar a este departamento dos recursos humanos necesarios para un correcto funcionamento do mesmo.

Vistas as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo correspondente aos gastos de persoal do orzamento de gastos.

Visto que na oferta de emprego público para o ano 2021 se incluía a provisión de dúas prazas para ser cubertas entre persoas con discapacidade, co que no Concello de Ordes o dous por cento dos efectivos totais son persoas con discapacidade (art. 59.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, TREBEP).

Visto que a efectos do establecido no art. 37 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, a proposta de oferta de emprego público foi sometida á Mesa Xeral de Negociación celebrada o día 19/12/2023.

Visto o do disposto no artigo 70 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP) e art. 20 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, OXE para o ano 2023.

No uso das atribucións conferidas polo art. 21.1.g da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL), **RESOLVO:**

I.- Aprobar a Oferta de Emprego Público do Concello de Ordes para o ano 2023 nos termos seguintes:

INCORPORACIÓN DE PERSOAL DE NOVO INGRESO

- Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativo. (Subgrupo C1): 1 (acceso libre).
- Escala de Administración Especial, Subescala Técnica (Subgrupo A2). Denominación (Arquitecto técnico): 1 (acceso libre).

II.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

III.- Remitir a presente resolución a Administración Xeral do Estado a efectos do establecido no art. 56.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL).

En Ordes, 20-12-2023

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo

O Secretario

Juan Luis González Iglesias

2023/10019